

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 6 DE OUTUBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día seis de outubro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa dona Lúa Sanguñedo Álvarez e dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, dos borradores da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 29 de setembro de 2020 e da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 1 de outubro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 1 de outubro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Anuncio da Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación polo Pleno da Corporación Provincial de data 25 de setembro de 2020 dos pregos tipo de cláusulas administrativas para a contratación de obras por procedemento aberto. 1. Xuízos de valor e apreciación automática. 2. con único criterio (factor prezo). (Boletín Oficial da Provincia número 163, do 30 de setembro de 2020).

- Decreto 166/2020, do 10 de setembro, da Consellería de Emprego e Igualdade, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2021. (Diario Oficial de Galicia número 198, do 30 de setembro de 2020).

- Real decreto-lei 29/2020, de 29 de setembro, de medidas urxentes en materia de teletraballo nas Administracións Públicas e de recursos humanos no Sistema Nacional de Saúde para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. (Boletín Oficial do Estado número 259, do 30 de setembro de 2020).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 25 de setembro ao 1 de outubro de do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 1405/2020 e remata coa resolución da Alcaldía número 1462/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1405/2020	25-09-2020	Suspender as obras realizadas sen licenza nin comunicación previa na nave sita na rúa Tapia, O Temple, e se incoa expediente de reposición da legalidade urbanística
1407/2020	25-09-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 29 de setembro de 2020
1408/2020	25-09-2020	Contrato menor para a dirección de obra para a execución das obras comprendidas no proxecto; edificio socio cultural na parroquia de Cela
1409/2020	25-09-2020	Contrato menor para a dirección de execución das obras comprendidas no proxecto edificio socio cultural na parroquia de Cela
1410/2020	25-09-2020	Aprobación listaxe admitidos actividades deportivas verán 2020
1411/2020	25-09-2020	Modificación da adscripción de dous alumnas nos convenios de colaboración asinados con PAIMENNI Hermanas Hospitalarias del Sagrado Corazón de Jesús e Caritas Interparroquial, sen fins lucrativos para a realización de traballo práctico na ocupación de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións dentro do obradoiro de emprego "PROXEDIS - PROWEB" 2019-2020
1412/2020	28-09-2020	Aprobación do padrón do prezo público por das actividades deportivas do verán 2020
1413/2020	28-09-2020	Orde de execución por estado de edificación sita en San Bartolomeu, Pravio. Propiedade: Diócesis de Oviedo.
1414/2020	28-09-2020	Acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Bandedó, Brexo. Propiedade: FRV e SSS
1415/2020	28-09-2020	Acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Altamira, Aneis. Propietario: HGS
1416/2020	28-09-2020	Acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela próxima á vivenda sita no Canal, Cecebre. Propiedade: JPGL
1417/2020	28-09-2020	Acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Pontido, Sigrás. Propiedade: MRG e Mª IRV
1418/2020	28-09-2020	Aprobación certificacións ceta contratas
1419/2020	28-09-2020	Aprobación de certificacións de obra correspondentes á obra "Espazo interior e exterior da praza 1º de Maio", POS + 2018, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 110.048,41 euros, así como o seu pagamento.
1420/2020	28-09-2020	Aprobación do padrón do prezo público por das actividades deportivas do verán 2020



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1421/2020	28-09-2020	CM a María Estíbaliz Espinosa Río (Estíbaliz Espinosa) / Ler conta moito
1422/2020	28-09-2020	Recoñecemento de obrigas correspondentes á xustificación dos abonos das cotas do RETA, realizados polos beneficiarios de subvencións concedidas ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas municipais á creación de empresas Programa Consolida Cambre 2019.
1423/2020	28-09-2020	Adxudicación contrato menor para a compra de cartuchos e elementos de seguridade para a Policía Local
1424/2020	29-09-2020	Acondicionamento camiños e fincas por estado da vexetación de finca sita en Picardos, s/n, Anceis. Propiedade: EPP
1425/2020	29-09-2020	Concesión axuda recibo auga a MEG por importe de 44,47 euros
1426/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de J H G, Expediente nº 3726/2019
1427/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de R M T S, Expediente nº 3738/2019
1428/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de P T S, Expediente nº 3739/2019
1429/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de S C J, Expediente nº 3753/2019
1430/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de A A T G, Expediente nº 3757/2019
1431/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de S H F, Expediente nº 3759/2019
1432/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de A O L, Expediente nº 3760/2019
1433/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de L T, Expediente nº 3763/2019
1434/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de M B, Expediente nº 3766/2019
1435/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de J A G P, Expediente nº 3770/2019
1436/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de H S J C, Expediente nº 3772/2019
1437/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de M E E F, Expediente nº 3773/2019
1438/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de Y U I L, Expediente nº 3783/2019
1439/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de M J M C, Expediente nº 3786/2019
1440/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de M J R S, Expediente nº 3792/2019
1441/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de Y R V, Expediente nº 3793/2019
1442/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de C R V, Expediente nº 3794/2019
1443/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de C N V, Expediente nº 3806/2019
1444/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de J R P S, Expediente nº 3807/2019
1445/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Habitantes de A T B, Expediente nº 3764/2019
1446/2020	29-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de F T B, Expediente nº 3766/2019
1447/2020	29-09-2020	Contestación ao recurso de reposición a MLTo por bonotaxi exercicio 2020
1448/2020	29-09-2020	Aprobación nómina setembro 2020
1449/2020	30-09-2020	CM a Genma María Pardo Faraldo (Gemola) / Ler conta moito
1450/2020	30-09-2020	CM a Pista Catro Productora de Sueños, S.L. (DUELIRIUM)
1451/2020	30-09-2020	Aprobar a lista provisional admitidos/excluídos concurso graduado social interino e elaboración de lista de candidatos para nomeamentos de graduados sociais interinos
1452/2020	30-09-2020	CM a Create Servizos Culturais, S.L. Actividade: "Código Sapiens" / Factoría Peripeciencia
1453/2020	30-09-2020	Aprobación de factura Paula Veira Porto
1454/2020	30-09-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
1455/2020	30-09-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
1456/2020	01-10-2020	Convocatoria sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 1 de outubro de 2020
1457/2020	01-10-2020	Concesión de bonificación da cota da taxa por subministración de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o titular ou pagador da póliza de abono ou o seu cónxuxe, ostente a condición de familia numerosa (3º trimestre 2020)
1458/2020	01-10-2020	Abastecemento e pluviais en Pontido
1459/2020	01-10-2020	Concesión de bonificación do 100% nas taxas por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros e na prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais (3º trimestre 2020)
1460/2020	01-10-2020	Nomeamento funcionarios interinos nos posto de operario de servizos para reforzo Brigada de Obras
1461/2020	01-10-2020	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de agosto de 2020, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de setembro de 2020
1462/2020	01-10-2020	Nomeamento asesor/a de Patrimonio

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de aprobación do "Proxecto básico e de execución de desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira) Cambre.Xullo 2020". Expediente 2020/C003/000005

- Proposta de adjudicación da obra "Proxecto básico e de execución, edificio sociocultural na parroquia de Cela, lg. Pena (Suelo) A Igrexa, Cela. 15660 Cambre, maio 2020", a prol do licitador "Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.", no prezo ofertado de 149.033,10 euros sen IVE (180.330,05 euros IVE incluído)
Expte: 2020/C003/000001

- Proposta de adxudicación do contrato para a execución do servizo "Recollida, carga, transporte e xestión de residuos (Césped artificial, area, caucho e escombros) que se atopan nas instalacións do Campo de fútbol Dani Mallo.", á entidade GESTAN CONTENEDORES DE LA CORUÑA, S.L. no prezo ofertado de 13.882 € sen IVE, 15.270,20 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000103
- Proposta de adxudicación do contrato para a "Subministración de dous contedores de almacenaxe para gardar o material da Romaría Galaico-Romana "GALAICO" nas instalacións do servizo de Protección Civil e diverso material no Local Social de Sigrás do Concello de Cambre.", á entidade Aneltia Trading S.L.U no prezo ofertado de 5.630,00 € sen IVE, 6.812,30 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000072
- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola empresa *Jardincelas, S.L.* adxudicataria da obra "Acondicionamento do Río Mero ano 2020". Expediente: 2020/C002/000120
- Proposta de acordos a adoptar, á vista da emisión de ditame polo Consello Consultivo de Galicia, no expediente referente á "Resolución do contrato suscrito coa entidade "Pumbariño, S.L.", para a organización e realización da "Xuntanza do maior" a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020".

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de aprobación do "Proxecto básico e de execución de desmorte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira) Cambre.Xullo 2020".Expediente 2020/C003/000005

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 2 de outubro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data do 7/08/2020 asínase polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, o "Proxecto básico e de execución de desmorte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira) Cambre. Xullo 2020", cun orzamento base de licitación de 26.602,46 € IVE incluído.

Dito proxecto consiste na execución dun desmorte e a construción dun muro de contención perimetral para posteriormente poder construír un anexo ás instalacións deportivas de Brexo, segundo as regras de la boa construción e a regulamentación aplicable. A parcela sobre a que se pretende realizar o futuro local ten forma rectangular e presenta unha acusada pendente, practicamente vertical nun dos frontes, de ahí a necesidade desta obra previa.

Visto o informe de viabilidade urbanística, emitido polo arquitecto municipal con data 10 de agosto de 2020.

Visto o artigo 231.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público que establece que "a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa **elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto** que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación salvo que tal competencia estea especificamente atribuída ao outro órgano por unha norma xurídica".

En relación con este, o artigo 236 da LCSP determina que "aprobado o proxecto e previamente á aprobación do expediente de contratación da obra, procederase a efectuar o reformulo do mesmo, o cal consistirá en comprobar a realidade xeométrica da mesma e a despoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución (...) Unha vez realizado o reformulo incorporárase o proxecto ao expediente de contratación".

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o “*Proxecto básico e de execución de desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira) Cambre. Xullo 2020*”, redactado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, cun orzamento base de licitación de 26.602,46 € IVE incluído.

Segundo: De conformidade cos artigos 231.1 e 236 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, que polo técnico competente se proceda a realizar o reformulo do proxecto.

Terceiro: Unha vez realizado o reformulo, incorporar o proxecto ao expediente de contratación para a aprobación deste pola Xunta de Goberno Local.

Cuarto: Dar traslado deste acordo a don José Ramón Díaz Barbeito, arquitecto municipal redactor do proxecto, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de adxudicación da obra “Proxecto básico e de execución, edificio sociocultural na parroquia de Cela, Ig. Pena (Suelo) A Igrexa, Cela. 15660 Cambre, maio 2020”, a prol do licitador “Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.”, no prezo ofertado de 149.033,10 euros sen IVE (180.330,05 euros IVE incluído). Expte: 2020/C003/000001

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 2 de outubro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C003/000001 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) da obra “Proxecto básico e de execución, edificio sociocultural na parroquia de Cela, Ig. Pena (Suelo) A Igrexa, Cela. 15660 Cambre, maio 2020”, cun orzamento base de licitación de 189.821,10 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.1 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que consta nas Actas da Mesa de Contratación de datas 14 e 26 de agosto de 2020, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 26 de agosto de 2020, a prol do licitador “Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.”, no prezo ofertado de 149.033,10 euros sen IVE (180.330,05 euros IVE incluído), un prazo de garantía de cinco anos e cos compromisos recollidos no Plan de control interno de calidade, Programa de Traballo e Programa de actuación medioambiental ofertados, isto de conformidade cos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida,

acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do arquitecto municipal de data do 24 de setembro de 2020.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 1 de outubro de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 292/2020 emitido polo interventor municipal con data do 2 de outubro de 2020.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas do 14 e 26 de agosto de 2020, declarar válida a licitación, admitindo nela ao único licitador presentado, "Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A.", por cumprir as condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 11 e 12.B do Prego de cláusulas administrativas particulares e aportar debidamente cuberta a declaración responsable segundo o modelo do Anexo II.A.

Segundo: Aprobar, de acordo co informe emitido polo arquitecto municipal con data de 24 de agosto de 2020, ratificado pola Mesa de Contratación con data do 26 de agosto de 2020, a seguinte puntuación correspondente aos criterios non evaluables mediante fórmulas do único licitador presentado:

Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	Puntuación 1ª Fase
Control de calidad	1,5
Programa de traballo	9,75
Programa de actuación medioambiental	2,95
Total	14,20

Terceiro: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 26 de agosto de 2020, a seguinte puntuación correspondente á oferta económica e demais criterios evaluables mediante fórmulas, así como os cálculos para a determinación da oferta que se presumiría anormalmente baixa, que queda establecido na inferior a 130.725,55 euros sen IVE:

	Oferta económica sen IVE	Oferta económica con IVE	Puntuación val. económica	Incremento prazo de garantía	Puntuación incremento prazo de garantía	TOTAL 2ª FASE
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	149.033,10 €	180.330,05 €	50	5 anos (incrementa 4 anos sobre o prazo do PCAP)	25,00	75,00

Cuarto: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a puntuación global obtida pola única entidade presentada na licitación, tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares:

	1ª Fase	2ª Fase	TOTAL
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	14,20	75,00	89,20

Quinto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 26 de agosto de 2020, adxudicar a obra "Proxecto básico e de execución, edificio sociocultural na parroquia de Cela, Lg. Pena (Suelo) A Igrexa, Cela. 15660 Cambre, maio 2020" á empresa "Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.", con NIF A153**** e domicilio en Lugar de Penateixa-Gándara 13 -15688 Oroso (A Coruña), no prezo ofertado de 149.033,10 euros sen IVE (180.330,05 euros IVE incluído), un prazo de garantía de cinco anos e cos compromisos recollidos no Plan de control interno de calidade, Programa de Traballo e Programa de actuación medioambiental ofertados, esto de conformidade cos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, por ser a única entidade licitadora e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sen atoparse incurso en presunción de ser anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, as características da proposición do adxudicatario determinantes da puntuación obtida son o prezo ofertado e o prazo de garantía de 5 anos, así como os compromisos recollidos no Plan de control interno de calidade, Programa de traballo e Programa de actuación medioambiental ofertados.

Sexto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Sétimo: De conformidade coa Resolución de alcaldía nº 1408/2020 de 25 de setembro de 2020, expediente de contrato menor nº 2020/C002/000138, a dirección de obra correspóndelle a don David Sarmiento Nogueira, arquitecto con número de colexiado COAG 2833. Igualmente, de acordo coa Resolución de alcaldía nº 1409/2020 de 25 de setembro de 2020, expediente de contrato menor nº 2020/C002/000137, a dirección de execución da obra correspóndelle ao arquitecto técnico don Daniel Tudo Anta.

A coordinación de seguridade e saúde correspóndelle á entidade IPRENOR SL, adxudicataria do contrato nº 2020/C004/000007 para a coordinación de seguridade e saúde en diversas obras municipais, en virtude de acordo da Xunta de Goberno Local do 28 de agosto de 2020.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados, aos directores de obra e da dirección de execución da obra, e á entidade responsable da coordinación de seguridade e saúde, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da

citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Sen prexuízo das facultades que atribúe ao director facultativo das obras o artigo 62.2. da Lei 9/2017 LCSP, designar como responsable municipal do contrato ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Décimo: Notifíquese ao responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de adjudicación do contrato para a execución do servizo “Recollida, carga, transporte e xestión de residuos (Césped artificial, area, caucho e escombros) que se atopan nas instalacións do Campo de fútbol Dani Mallo.”, á entidade GESTAN CONTENEDORES DE LA CORUÑA, S.L. no prezo ofertado de 13.882 € sen IVE, 15.270,20 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000103

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de outubro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 14/07/2020 emitese “Memoria valorada”, correspondente ao servizo “Recollida, carga, transporte e xestión de residuos (Césped artificial, area, caucho e escombros) que se atopan nas instalacións do Campo de fútbol Dani Mallo.” elaborada polo coordinador deportivo José Amando Pena Vila, cun orzamento de 14.900,00 € sen IVE, 16390,00 € IVE incluído.

Con data 15/07/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación, asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas José Luis Martínez Názara, o concelleiro delegado da Área de cultura, deportes e xuventude e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado na necesidade de contratar o servizo cuxo obxecto e contido ven dado principalmente a raíz de realizar nas pasadas semanas a revisión e valoración dos diferentes equipamentos deportivos, constatouse a necesidade de retirar do Campo de fútbol Dani Mallo residuos amontoados nas bandas e fondos de porterías do campo que quedaron alí das obras cando se substituíu o céspede artificial. Despois da inactividade provocada polo covid19, a maleza e vexetación cubriu toda a zona onde están estes residuos e agora é moi difícil facer as labores de mantemento necesarias, polo tanto é necesaria esta actuación para realizar a practica deportiva de forma segura.

Con data 04/08/2020 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342 22799, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local

Con data 16/09/2020 emítese informe polo coordinador de deportes no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Reciclaje de Inertes del Noroeste SL- RECINOR
- Vázquez Carro, Agustin
- Reciclajes gallegos de Residuos de construcción y demolición SL
- Toysal S.L.
- Coruñesa de Residuos, S.L
- Georecovering, S.L.
- Gestan medioambiental, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Reciclaje de Inertes del Noroeste SL- RECINOR	14.900 €	16.390 €
Gestan contenedores de la Coruña , S.L.	13.882 €	15.270,20€

formulando proposta de adxudicación do contrato menor correspondente a “Recollida, carga, transporte e xestión de residuos (céspede, area e caucho) campo municipal de fútbol Dani Mallo” a empresa GESTAN CONTENEDORES DE LA CORUÑA, S.L. con CIF. B7059...., domicilio en C/Avda. da Praia, nº 108-B. 15142-Arteixo, no prezo de oferta 13.882 € sen IVE, 15.270,20 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 02 de outubro de 2020, e mailo informe de fiscalización JUA NUM 295/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 04 de outubro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de promoción da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións, contempladas no artigo 25.2.ñ) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar o documento denominado “Memoria valorada”, correspondente ao servizo “Recollida, carga, transporte e xestión de residuos (Césped artificial, area, caucho e escombro) que se atopan nas instalacións do Campo de fútbol Dani Mallo.” elaborada polo coordinador deportivo don José Amando Pena Vila, cun orzamento de 14.900,00 € sen IVE, 16390,00 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación, quedando motivada no expediente a necesidade do contrato e que non se esta alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación dos umbrais establecidos no artigo 118.1 da LCSP respecto aos contratos menores.

Segundo : Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342 22799.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000103, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para o servizo correspondente a “Recollida, carga, transporte e xestión de residuos (céspede, area e caucho) do campo municipal de fútbol “Dani Mallo” á empresa GESTAN CONTENEDORES DE LA CORUÑA, S.L. con CIF. B7059....., domicilio en C/Avda. da praia, nº 108-B. 15142-Arteixo, no prezo de oferta 13.882 € sen IVE, 15.270,20 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao coordinador deportivo don José Amando Pena Vila, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Setimo: Notifíquese ao coordinador deportivo responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Proposta de adjudicación do contrato para a “Subministración de dous contedores de almacenaxe para gardar o material da Romaría Galaico-Romana “GALAICO” nas instalacións do servizo de Protección Civil e diverso material no Local Social de Sigrás do Concello de Cambre.”, á entidade Aneltia Trading S.L.U no prezo ofertado de 5.630,00 € sen IVE, 6.812,30 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000072

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de outubro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 06/05/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, polo Alcalde do Concello e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade da subministración de dous contedores de almacenaxe , un deles para gardar nas instalacións do servizo de Protección Civil o material adquirido polo Concello para o desenvolvemento da da Romaría Galaico–Romana “GALAICOI” que se vén realizando desde o ano 2016, e outro para o diverso material utilizado polas asociacións no Local Social Municipal de Sigrás ; ésto de conformidade coas competencias propias dos concellos en información e promoción da actividade turística de interese local e na promoción do deporte e ocupación do tempo libre, así como na promoción da cultura, de conformidade co estipulado no artigo 25.2. h), l) e m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, e no artigo 4.b da Lei 7/2011, de 27 de outubro de Turismo de Galicia, ademáis de polo art. 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que establece que *“as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, facilitaralles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das posibilidades, o uso dos medios públicos e acceso as axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsará a súa participación na xestión da Corporación nos termos do nº2 do artigo 69. A tales efectos poden ser declaradas de utilidade pública”*.

No citado informe-proposta de necesidade faise referencia á memoria valorada elaborada pola Responsable da ADL con data do 24/03/2020, cun orzamento de 8.677,69 euros sen IVE, 10.500,00 euros IVE incluído.

Con data 17/06/2020 emítese documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 933 62500.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adjudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 20/07/2020 emítese informe pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Rilo Maquinaría, S.L.U
- Profecón Fernández y Montoto, S.L.
- Aneltia Trading S.L.U
- Losada Maquinaría, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Rilo Maquinaria, S.L.U	8.649,50 €	10.465,90 €
Aneltia Trading S.L.U	5.630,00 €	6.812,30 €
Profecón Fdez y Montoto, S.L.	8.677,69 €	10.500,00 €

formulando proposta de adjudicación do “Subministración de dous contedores de almacenaxe para gardar o material da Romaría Galaico-Romana “GALAICO” nas instalacións do servizo de Protección Civil, e diverso material no Local Social de Sigrás do Concello de Cambre.”, á entidade Aneltia Trading S.L.U, con NIF B9941....., e domicilio no Rúa Paseo de Sagasta, 17, 3º izq. B, 50008 Zaragoza, no prezo ofertado de 5.630,00 € sen IVE, 6.812,30 € IVE incluído, por ser a licitadora que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, e ter xustificado debidamente esta oferta que se atopaba incurso en presunción de resultar anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 10 de setembro de 2020, e mailo informe de fiscalización JUA NUM 296/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 04 de outubro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de promoción da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións, contempladas no artigo 25.2.ñ) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar o documento denominado proposta-informe de necesidade correspondente a “Subministración de dous contedores de almacenaxe para gardar o material da Romaría Galaico-Romana “GALAICO” nas instalacións do servizo de Protección Civil e diverso material no Local Social de Sigrás do Concello de Cambre.”, asinado pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, polo Alcalde do Concello e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, cun orzamento de 8.677,69 € sen IVE, 10.500,00 IVE incluído, así como a necesidade da contratación, quedando motivada no expediente a necesidade do contrato e que non se esta alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación dos umbrais establecidos no artigo 118.1 da LCSP respecto aos contratos menores.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 933 62500.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000072, do subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato correspondente a “Subministración de dous contedores de almacenaxe para gardar o material da Romaría Galaico-Romana “GALAICO” nas instalacións do servizo de Protección Civil, e diverso material no Local Social de Sigrás do Concello de Cambre” á empresa Aneltia Trading S.L.U, con NIF B9941....., e domicilio no Rúa Paseo de Sagasta, 17, 3º izq. B, 50008 Zaragoza, no prezo de oferta 5.630,00 € sen IVE, 6.812,30 € IVE incluído, por ser a licitadora que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, e ter xustificado debidamente esta oferta que se atopaba incurso en presunción de resultar anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato a responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, dona Ana Mará Portela Torrón, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese á responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E) Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola empresa *Jardincelas, S.L.* adxudicataria da obra “Acondicionamento do Río Mero ano 2020”. Expediente: 2020/C002/000120

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de outubro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2019/C002/000120 para a contratación da obra “Acondicionamento do Río Mero ano 2020”. Expediente: 2020/C002/000120

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de setembro de 2020 polo que se adxudicou a obra á empresa “*Jardincelas, S.L*”

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado por Don Manuel Barbeito Uzal en representación da empresa Jardincelas, S.L. e presentado pola empresa adxudicataria, ao que achega o informe favorable de data 2 de outubro 2020 emitido por dona Laura López, Santiago da entidade IPRENOR, S.L.U. coordinadora da seguridade e saúde, designada segundo Resolución da Concelleira Delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, nº 1395/2020 de 23 de setembro, expediente de contrato menor nº 2020/C002/000159, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 5 de outubro de 2020 e número 202099900003254.

Vistos os informes favorables emitidos con data 5 de outubro de 2020 polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Municipal, director da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “*Jardincelas, S.L*” para a execución da obra denominada “Acondicionamento do Río Mero ano 2020” Expte. 2020/C002/000120

Segundo: Notificar este acordo á empresa “*Jardincelas, S.L.*”, e a dona Laura López, Santiago, da entidade IPRENOR, S.L. coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Terceiro: Notifíquese ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

F) Proposta de acordos a adoptar, á vista da emisión de ditame polo Consello Consultivo de Galicia, no expediente referente á “Resolución do contrato suscrito coa entidade “Pumbariño, S.L.”, para a organización e realización da “Xuntanza do maior” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020”.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de outubro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o informe emitido con data de 5 de outubro de 2020 pola Secretaría e Intervención municipais en relación co ditame número CCG 213/2020, de 9 de setembro, do Consello Consultivo de Galicia, cuio texto se transcribe literalmente a continuación:

“ANTECEDENTES:

1.- Os que constan nos informes conxuntos emitidos pola Secretaría e Intervención municipais de datas 22 de xuño e 3 de agosto de 2020, e dos que se resaltan, resumidamente, os feitos que a seguir se relacionan, aos que cómpre engadir os acaecidos desde entón ata o día de hoxe.

2.- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 23 de xuño de 2020, polo que se acordou:

“Primeiro: De conformidade co establecido nos artigos 190, 192.2 e 211.1 f), parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e Cláusulas 16.1.11, 18 e 20 do Prego de cláusulas administrativas particulares, incoar expediente para a resolución do contrato suscrito coa empresa “Pumbariño, S.L.”, e domicilio na Estrada de Ourense nº 4, A Mezquita, 32838 A Merca (Ourense), adjudicataria do expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000016 para a adjudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adjudicación, factor prezo), do servizo de “Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020”, con base nos seguintes motivos:

a) Por cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato (art. 192.2 LCSP e Cláusula 20 do PCAP), de extrema gravidade, tendo en conta o dano producido á imaxe do Concello como institución, pola transcendencia social do número de persoas participantes (750 persoas):

...

b) Por incumprimento das obrigas esenciais do contrato [art. 211.1 f) parágrafo segundo, da LCSP, e Cláusulas 16.1.11 e 18 do PCAP]:

...

*Segundo: Conceder audiencia ao contratista polo prazo de **dez días naturais** a contar dende o seguinte ao do envío da notificación da presente resolución e publicación simultánea no mesmo día no Perfil do Contratante do concello, para que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.*

Terceiro: Incoar expediente para a liquidación do contrato e aboamento ao contratista do servizo prestado conforme co establecido no prego de prescricións técnicas que serviron para a súa adjudicación, isto de conformidade co establecido no artigo 313.2 da LCSP.

.....”

3.- Escrito de alegacións presentado por “Pumbariño, S.L.”, rexistrado de entrada ao número 202099900001690 o día 2 de xullo.

4.- Informe emitido o 17 de xullo de 2020 pola responsable do contrato, respecto das alegacións presentadas.

5.- Informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais con data de 3 de agosto de 2020 en relación coas alegacións presentadas.

6.- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do día 4 de agosto de 2020, que literalmente se transcribe a continuación:

“Primeiro: Rexeitar a alegación presentada por Pumbariño S.L., dando traslado ao Consello Consultivo de Galicia para emisión de informe, do expediente incoado por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre de data 23 de xuño de 2020 para a resolución do contrato adxudicado a Pumbariño S.L. mediante acordo da Xunta de Goberno de 24 de setembro de 2019, para a organización da “Xuntanza do Maior” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro nos anos 2019 e 2020, expediente 2019/C004/000016, adxudicación que a empresa aceptou mediante escrito presentado na data de 26 de setembro de 2019.

Isto, de conformidade co establecido no artigo 191.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, artigos 11 e 12.g) da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Segundo: De conformidade co disposto no artigo 212.8 da Lei 9/2017, o expediente de resolución contractual deberá ser instruído e resolto no prazo máximo de oito meses, tendo en conta que a tenor do previsto no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o transcurso do prazo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución declarárase suspendido polo tempo que medie entre a petición de informe, que deberá comunicarse aos interesados, e a recepción do mesmo, que igualmente deberá ser comunicada aos mesmos.

Segundo o artigo 24.1 da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e artigo 37, puntos 1 e 3, do Decreto 91/2015, de 18 de xuño, polo que aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, o prazo para emisión de informe será de un mes dende a recepción da solicitude, transcorrido o cal entenderase que non existe impedimento á cuestión suscitada.

Terceiro: Comunicar ao Consello Consultivo e á entidade adxudicataria que a proposta de resolución a adoptar polo Concello de Cambre (sen prexuízo do que resulte do informe emitido polo Consello Consultivo) será a seguinte:

“Primeiro: De conformidade co establecido nos artigos 190, 192.2 e 211.1 f), parágrafo segundo, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e Cláusulas 16.1.11, 18 e 20 do Prego de cláusulas administrativas particulares, incoar expediente para a resolución do contrato suscrito coa empresa “Pumbariño, S.L.”, e domicilio na Estrada de Ourense nº 4, A Mezquita, 32838 A Merca (Ourense), adxudicataria do expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000016 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), do servizo de “Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020”, con base nos seguintes motivos:

a) Por cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato (art. 192.2 LCSP e Cláusula 20 do PCAP), de extrema gravidade, tendo en conta o dano producido á imaxe do Concello como institución, pola transcendencia social do número de persoas participantes (750 persoas):

- Incumprimento da Cláusula segunda do prego de prescricións técnicas, punto 24, respecto dos agasallos de protocolo que se entregaron aos participantes na Xuntanza, toda vez que tal e como figura na citada cláusula segundo transcripción literal "A empresa adxudicataria encargará 750 detalles coa inscrición: "xxxx Xuntanza do Maior. Servizos Sociais. Cambre 201 xx", previamente elixidos polo persoal político e técnico de servizos sociais.": A inscrición que debería figurar nas cuncas só foi nunha parte delas, xa que había outra parte de cuncas nas que aparecían outras inscricións: - XIII Xuntanza do amor" - XIII Xuntanza dous maiores"
- Incumprimento da Cláusula segunda do PPT respecto do menú e da prestación do servizo: Respecto do segundo prato, consistente nunha lacoada, serviuse excesivamente salgada e crúa, o cal provocou que máis de 400 pratos foran devoltos (sobre un total de 700 persoas do colectivo ao cal estaba dirixido o obxecto do contrato, e 15 persoas en calidade de representantes institucionais invitadas), ademais de fría, presenza de vermes nos pratos de comida (constando fotografías ao respecto); respecto do postre, consistente en torta milhoja e queixo do país con membrillo ou similar, en vez do queixo do país serviuse queixo fresco de Burgos; o servizo de camareiros/as foi lento e desordeado, e ante as chamadas de atención dos participantes, algúns dos camareiros tiveron unha actitude pouco respectuosa cara aos comensais.
- Incumprimento da Cláusula segunda do PPT, punto 28, respecto da actuación da orquestra que debía actuar á terminación da comida, na franxa horaria de 16:30 a 20:00 horas, cun descanso de media hora, sendo a duración total de 3 horas, tal e como se establecía na citada cláusula: Ademais de que a orquestra tocou de 16:30 a 19:00 horas, é dicir, 2 horas e media en vez de 3, como consecuencia da descoordinación e ralentización ao servir a comida, que concluíu co postre pasadas as 17.30 horas, os comensais só puideron desfrutar do baile unha hora e media.

b) Por incumprimento das obrigas esenciais do contrato [art. 211.1 f) parágrafo segundo, da LCSP, e Cláusulas 16.1.11 e 18 do PCAP]:

- Non se achegaron os contratos ou a alta previa na Seguridade Social das persoas adscritas á prestación do servizo, que debían entregarse no Departamento de Contratación o día anterior ao inicio do servizo, aínda cando, tal e como consta no informe da responsable do contrato, déuselles todas as facilidades para que incluso o achegaran ao día seguinte da celebración do evento porque coincidía en domingo, xa que o representante a informou de que os ían dar de alta o mesmo día da Xuntanza.
- Non se acreditou a obriga do adxudicatario de empregar no cadro de persoal que executou o contrato a 1 persoa con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo, definidas polo Servizo Público de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e tampouco se achegou copia do carné de manipulador de alimentos en vigor do persoal que prestou o servizo, sen que os ditos documentos consten, a día de hoxe, no expediente de contratación incoado.

Segundo: Incoar expediente para a liquidación do contrato e aboamento ao contratista do servizo prestado conforme co establecido no prego de prescricións técnicas que serviron para a súa adxudicación, isto de conformidade co establecido no artigo 313.2 da LCSP".

7.- O día 11 de agosto de 2020 rexístrase de saída no Concello de Cambre a través do sistema Notifica.Gal ao nº 20200000002667 a notificación efectuada á entidade "Pumbariño, S.L.", (que a aceptou

no mesmo día) dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local de Cambre o 04/08/2020, incluíndo na notificación a transcripción do informe xurídico do 03/08/2020, e informando da solicitude de ditame ao Consello Consultivo de Galicia.

8.- Con data do 12 de agosto de 2020 ten entrada no Consello Consultivo de Galicia, a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR), a solicitude de Ditame formulada polo Concello de Cambre, así como o expediente administrativo remitido.

9.- O día 9 de setembro, recíbese no Concello de Cambre, a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) o ditame adoptado con data do 9 de setembro actual polo Consello Consultivo de Galicia, no expediente referente á **“Resolución do contrato suscrito coa entidade “Pumbariño, S.L.”, para a organización e realización da “Xuntanza do maior” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020”**. (número CCG 213/2020).

Na consideración terceira do informe faise constar:

“A potestade resolutoria conferida á Administración en relación cos contratos sometidos ao dereito administrativo enmárcase dentro do ámbito das denominadas prerrogativas previstas no artigo 191 da LCSP, concibidas pola doutrina como privilexios ou facultades exorbitantes, cuxo exercicio non se produce de xeito automático senón só cando o esixa o interese público implícito en cada relación contractual, fundándose así no servizo obxectivo aos intereses xerais que o artigo 103 da Constitución proclama da actuación administrativa.

...

Ao respecto ha de sinalarse que, tanto no ámbito da contratación civil coma da administrativa, a xurisprudencia advertiu que non todo incumprimento contractual podería dar lugar ao dereito da outra parte a resolver o contrato, distinguíndose pola xurisprudencia aqueles incumprimentos xeradores da posibilidade de exercicio do dereito á extinción do contrato de aqueloutros que non o levan aparelado, aínda cando poidan posibilitar a esixencia de indemnización por danos e perdas. Tal doutrina é perfectamente aplicable no ámbito administrativo, de forma que só os incumprimentos de obrigas contractuais esenciais poden ser xeradores do lexítimo exercicio da potestade de resolución dos devanditos contratos e iso, como xa sinalamos, cando sexa esta opción a que máis convén ao interese público en liza (neste sentido, o CCG 155/2016 e 165/2019).

Para a determinación da transcendencia dos diversos incumprimentos que se produzan, o Tribunal Supremo manifestou reiteradamente (Sentenzas do 16.10.1984, do 9.10.1987 e do 23.11.1988, entre moitas outras) que ha de poñerse en cada caso atención ás circunstancias concorrentes, co fin de dilucidar se se está ante un verdadeiro e efectivo incumprimento das obrigas contractuais, revelador dunha vontade clara de non atender, dolosa ou culposamente, os compromisos contraídos ou, pola contra, máis ben ante un simple desfase ou desaxuste en modo ningún expresivo daquela vontade e, en definitiva, dun efectivo incumprimento da esencia dunha obriga.

Polo tanto, neste ámbito non toda irregularidade pode levar aparelada a habilitación á Administración pública para que exercite a súa potestade resolutoria, senón só aqueles supostos nos que o servizo deixa de prestarse ou se presta en condicións tales que se lesiona o interese público que se poida satisfacer”.

Na consideración Cuarta do Informe analízanse as causas de resolución contractual invocadas polo Concello, indicando que:

a) Respecto das causas que veñen referidas a un “cumprimento defectuoso da prestación obxeto do contratode extrema gravidade”, O Consello Consultivo considera que:

“Agora ben, como fundamento da resolución contractual con base nestes incumprimentos, a proposta se limita a invocar o artigo 192.2 da LCSP, sen conectalo con ningunha das causas de resolución contractual legalmente previstas.

Certamente, o artigo 192.2 da LCSP sinala que “Cando o contratista, por causas a el imputables, incumprira parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, atendendo ás circunstancias do caso, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades que, para tales supostos, se determinen no prego de cláusulas administrativas particulares ou no documento descritivo”. Mais tal previsión non implica que calquera incumprimento parcial habilite por si mesmo para a resolución do contrato, senón que aquel debe ser de carácter esencial e, ademais, reconducirse a algunha das causas de resolución legalmente previstas.

Neste punto a proposta de resolución non chega a reconducir os incumprimentos antes referidos a ningunha causa legal de resolución, limitándose a invocar o artigo 192.2 da LCSP antes transcrito e a cláusula 20 do Prego de cláusulas administrativas particulares, referida esta última, ademais, á imposición de penalidades (verbo da incompatibilidade da imposición de penalidades coa resolución dos contratos administrativos xa se pronunciou este órgano consultivo no CCG 155/2016) .

Polo tanto, sen discutir a realidade dos devanditos incumprimentos, que a adxudicataria non chega a desvirtuar no seu escrito de alegacións do 2.7.2020, o certo é que nin polo Concello se invoca nin por este órgano consultivo se chega a identificar cal poida ser a causa legal de resolución que, prevista no artigo 211.1 ou 313.1 da LCSP, habilite á extinción do contrato.

Advirtase, ademais, que aqueles incumprimentos non afectaron á obriga principal do contrato, cal era a celebración do evento (artigo 211.1, letra f), da LCSP), nin tampouco a ningunha das obrigas cualificadas como esenciais no Prego, tratándose, logo, de cumprimentos defectuosos de obrigas non esenciais que, polo tanto, non habilitan á resolución contractual pretendida polo Concello, sen prexuízo, iso si, da lóxica incidencia daqueles incumprimentos na liquidación do contrato.”

b) Respecto do incumprimento das obrigas esenciais do contrato , o Consello Consultivo considera que :

“É importante sinalar que, a diferenza dos outros incumprimentos antes analizados, o Concello si vencella estes a unha causa legal de resolución, cal é a prevista no artigo 211.1, letra f), da LCSP, segundo o cal é causa de resolución do contrato “O incumprimento da obriga principal do contrato”, engadindo de seguido:

“Serán así mesmo causas de resolución do contrato o incumprimento das restantes obrigas contractuais esenciais sempre que estas fosen cualificadas como tales nos pregos ou no correspondente documento descritivo, cando concorran os requisitos seguintes:

1º) Que aquelas respecten os límites que o número 1 do artigo 34 establece para a liberdade de pactos.

2º) Que figuren enumeradas de xeito preciso, claro e inequívoco nos pregos ou no documento descritivo, non sendo admisibles cláusulas de tipo xeral”.

Deste xeito, en orde a verificar se os incumprimentos da adxudicataria comportan, ou non, o incumprimento dunha obriga de carácter esencial é precisa a análise do Prego de cláusulas administrativas e, en concreto,

determinar se os incumprimentos da contratista invocados polo Concello afectaron ao cumprimento de obrigas esenciais cualificadas expresamente como tales no Prego, e dun xeito preciso e claro.

Así, a cláusula 16.1.11 do Prego establece como “De conformidade con a cláusula quinta do PPT se considera necesario para executar o contrato que o licitador cuente con os medios persoais e materiais que constan na mesma, cuxo incumplimento se considera incumplimento de obrigaes esenciais a los efectos previstos en el art. 211 de la LCSP, pudiendo el órgano de contratación optar, no obstante, por la imposición de penalidades en los términos establecidos en la cláusula 20 del presente pliego”, recollendo de seguido, como medios persoais, 13 camareiros/as e 1 cociñeiro/a, e a obriga de acreditar documentalmente os ditos medios persoais.

É importante sinalar que esta obriga, cualificada no Prego como esencial dun xeito claro e preciso, consta acreditado no expediente que non foi cumprida pola adxudicataria pois, aínda que a mercantil achegou xunto co seu escrito de alegacións do 2.7.2020 unha relación de persoal de 13 camareiros/as e 4 cociñeiros/as, dos informes de traballadores en alta de Pumbariño, S.L. e de Galicia Vella de Inversiones e Logística S.L., e das resolucións de recoñecemento de alta do INSS que achega, resulta que unicamente prestaron servizos no evento nove camareiros, cando o Prego esixía 13.

É importante sinalar que a falta dos medios persoais é o incumplimento da obriga esencial que habilita propiamente á resolución do vínculo contractual, e non a falta da acreditación daqueles medios, en canto obriga formal tamén establecida na cláusula 16.1.11 do prego, pero non cualificada expresamente como esencial.

E, constando xa acreditado un incumplimento do contrato que habilita á resolución do contrato administrativo de razón, o xuízo deste órgano consultivo debe ser favorable a aquela resolución, sen que sexa preciso entrar na análise dos restantes incumprimentos invocados pola Administración municipal”.

Conclúe o ditame:

“Que, nos termos sinalados na consideración cuarta deste ditame, informa favorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire”.

LEXISLACIÓN APLICABLE

I.- Danse por expresamente reproducidos, de cara á brevidade, os fundamentos xurídicos que constan nos informes xurídicos de datas do 22 de xuño e 3 de agosto de 2020, emitidos pola Secretaría e Intervención municipais, que resultan de aplicación na súa integridade.

II.- Artigo 11 da Lei 3/2014 do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e artigo 45 do seu Regulamento de organización e funcionamento (Decreto 91/2015 do 18 de xuño)

CONSIDERACIÓNS:

PRIMEIRA: Do ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia dérvase que informa favorablemente a proposta de resolución do contrato por un único motivo:

- O incumplimento dos medios persoais para executar o contrato previstos na cláusula 16.1.11 do prego de cláusulas administrativas particulares onde se esixen 13 camareiros/as e 1 cociñeiro/a, establecéndose dito

incumprimento como obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 211 da LCSP (resolución do contrato), por canto da documentación aportada coa alegación resulta que solo prestaron servizos no evento 9 camareiros/as cando o prego esixía 13, sen que, segundo dito ditame, sexa necesario entrar no análise do resto dos incumprimentos.

Aínda que os motivos estimados para a resolución polo Consello Consultivo de Galicia non son todos os apreciados polo Concello de Cambre, a consecuencia final que se deriva para os asinantes do contrato é a mesma, toda vez que:

- a) o contrato se resolve, xa que **hai causa de resolución** (polo tanto, mantense a conclusión establecida no punto Primeiro da proposta de acordos a adoptar polo Concello de Cambre)*
- b) se aprecia a necesidade de **tomar en consideración os cumprimentos defectuosos da prestación á hora de liquidar o contrato e aboar ao contratista o servizo efectivamente prestado** (esta conclusión atópase dentro do ámbito do punto Segundo da proposta de acordos a adoptar polo Concello de Cambre, e analízase no punto quinto do informe de Secretaría-Intervención de data 22/06/2020, páxinas 9 e 10).*

SEGUNDA: Segundo o establecido no artigo 11.5 da Lei 3/2014 do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia:

“5. Os actos administrativos, disposicións ou proxectos normativos aprobados en asuntos ditaminados preceptivamente polo Consello Consultivo expresarán se se acordan en conformidade co seu ditame ou se se apartan del. No primeiro caso, conterán a fórmula «de acordo co Consello Consultivo»; no segundo, a de «oído o Consello Consultivo» ou, se se conforma plenamente con algún voto particular, a de «oído o Consello Consultivo e de acordo co voto particular formulado pola conselleira ou o conselleiro (ou conselleiras/vos)...”.

Polos funcionario informantes asúmese o criterio mantido polo Consello Consultivo no ditame CCG 213/2020, de 9 de setembro, e fórmase a seguinte proposta de acordos a adoptar:

Primeiro: De acordo co Consello Consultivo de Galicia, ditame nº CCG 213/2020, de 9 de setembro, e de conformidade co establecido nos artigos 190 e 211.1 f), parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e cláusula 16.1.11 do Prego de cláusulas administrativas particulares, resolver o contrato suscrito coa empresa “Pumbariño, S.L.”, e domicilio na Estrada de Ourense nº 4, A Mezquita, 32838 A Merca (Ourense), adxudataria do expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000016 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), do servizo de “Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020”, polo seguinte motivo:

- O incumprimento dos medios persoais para executar o contrato previstos na cláusula 16.1.11 do prego de cláusulas administrativas particulares onde se esixen 13 camareiros/as e 1 concibeiro/a, establecéndose dito incumprimento como obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 211 da LCSP (resolución do contrato), por canto da documentación aportada coa alegación resulta que solo prestaron servizos no evento 9 camareiros/as cando o prego esixía 13.

Segundo: Incoar expediente para a liquidación do contrato e aboamento ao contratista do servizo prestado conforme co establecido no prego de prescricións técnicas que serviron para a súa adxudicación, isto de conformidade co establecido no artigo 313.2 da LCSP.

Terceiro: Notificar á entidade “Pumbariño, S.L.”, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Cuarto: Comunicar os acordos anteriores ao Consello Consultivo de Galicia, de conformidade co artigo 45 do seu Regulamento de organización e funcionamento (Decreto 91/2015 do 18 de xuño)”.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: De acordo co Consello Consultivo de Galicia, ditame nº CCG 213/2020, de 9 de setembro, e de conformidade co establecido nos artigos 190 e 211.1 f), parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e cláusula 16.1.11 do Prego de cláusulas administrativas particulares, resolver o contrato suscrito coa empresa “Pumbariño, S.L.”, e domicilio na Estrada de Ourense nº 4, A Mezquita, 32838 A Merca (Ourense), adxudataria do expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000016 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), do servizo de “Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020”, polo seguinte motivo:

- O incumprimento dos medios persoais para executar o contrato previstos na cláusula 16.1.11 do prego de cláusulas administrativas particulares onde se esixen 13 camareiros/as e 1 conciñeiro/a, establecéndose dito incumprimento como obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 211 da LCSP (resolución do contrato), por canto da documentación aportada coa alegación resulta que solo prestaron servizos no evento 9 camareiros/as cando o prego esixía 13.

Segundo: Incoar expediente para a liquidación do contrato e aboamento ao contratista do servizo prestado conforme co establecido no prego de prescricións técnicas que serviron para a súa adxudicación, isto de conformidade co establecido no artigo 313.2 da LCSP.

Terceiro: Notificar á entidade “Pumbariño, S.L.”, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Cuarto: Comunicar os acordos anteriores ao Consello Consultivo de Galicia, de conformidade co artigo 45 do seu Regulamento de organización e funcionamento (Decreto 91/2015 do 18 de xuño)”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia